

BLOQUE III: FILOSOFÍA MODERNA

TÓPICO ABBAU: DESCARTES: O MÉTODO CIENTÍFICO E A EVIDENCIA DO COGITO

I.- DESCARTES 1596-1650 (XVII)

Vida

En latín o seu nome é “cartesio”, de aí os “eixes cartesianos”, pois Descartes foi un gran matemático creador da **xeometría analítica**. Tamén se di que **con Descartes comeza a “Filosofía moderna”**, a partir da publicación da súa obra fundamental “**O discurso do método**” en 1637. A filosofía de Descartes rompe coa filosofía escolástica medieval e **constrúe a filosofía de novo sobre “bases sólidas”**; para poder facer isto recolle o **método matemático** da nova ciencia (**dedución**) que xurde dende o Renacemento. O proxecto cartesiano será construír unha filosofía “científica” partindo de cero, unha filosofía segundo o modelo das matemáticas.

Naceu 1596 en "La haye", Turena (**Francia**) como terceiro fillo dun Conselleiro do parlamento da Bretaña.

1.- Xuventude 1604-1612 (8-16 anos) o colexio A Flèche

Con oito anos foi enviado ao colexio de La Flèche, fundado por Enrique IV e dirixido polos **xesuítas**, onde nos últimos anos **estudou filosofía escolástica e matemáticas**. Na súa obra fundamental "Discurso do método" fai Descartes unha **crítica da filosofía escolástica** (aristotelismo) que lle ensinaron en La Flèche; pero, en troques, está **moi satisfeito das matemáticas**.

A) Crítica da filosofía escolástica: Para Descartes esta filosofía escolástica "*ensínanos a falar con aparencia de verdade sobre todas as cousas, e fai que sexamos admirados polos menos sabios; e anque ten sido cultivada polos mellores espíritos non atopamos aínda nela ningunha cousa sobre a cal non se dispute, e que non sexa, polo tanto, dubidosa*".

B) Loanza das Matemáticas: afirma que lle agradaban pola súa **certeza e claridade** "*pero non advertía aínda o seu verdadeiro uso*" (Discurso 1). Veremos que Descartes descubrirá mais tarde que nas matemáticas están presentes as operacións fundamentais da razón (base do método), e que teñen o **importantísimo uso de que poden aplicarse a todo o saber**, especialmente á Metafísica (Filosofía) seguindo o seu “método”.

Despois de saír de La Flèche, durante os anos 1612- 1616 (16-20), **licénciase en Dereito en Poitiers**, e durante dous anos leva unha vida de espaxeamento, abandonando os estudos temporalmente. Sen embargo, axiña **se decidirá a buscar a ciencia en si mesmo e “no libro do mundo”**.

2.- Anos de viaxes aprendendo no “libro do mundo” (1618- 1628)

a) En 1618 (22 anos) marcha a Holanda, e recibe instrución militar baixo a dirección de Mauricio de Nassau, príncipe de Orange e director da Escola Internacional de Guerra.

b) En 1619 (23 anos) trasládase a Alemaña (onde foi testemuña da coroación do emperador Fernando en Frankfurt) e enrólase no exército do **duque de Baviera** (nese momento xa tiña comezado a Guerra dos 30 anos). Estacionado en Neuberg (norte de Munich), xunto ao Danubio, o 10 de novembro de 1619 tivo tres soños consecutivos que o convenceron de dedicar a súa vida á “busca da verdade coa axuda da razón”. Estes soños consisten no seu descubrimento do “método” e a “unificación de todas as ciencias” seguindo o modelo das matemáticas (“mathesis universalis”: construír unha “matemática universal”).

c) Entre 1619 e 1621 realizou novos servizos militares en Bohemia e Hungría; logo deixa o exército e viaxa a Silesia, Alemaña do Norte, Holanda, rematando nunha visita ao seu pai en Rennes. En 1623 (con 27 anos) cumpriu a súa promesa de ir a Loreto e continuou a Roma.

d) Entre 1623-1628 (27-32), permaneceu en París, onde tiña ao seu amigo íntimo de La Flèche Mersenne e onde foi alentado polo cardeal Bérulle (influencia de Santo Agostiño: “si fallor sum”). Pero debido ás distraccións excesivas que ofrece París, decide retirarse a Holanda.

3.- Período de madurez en Holanda 1628-1649 (32-53 anos)

Alí escribe as súas obras mais importantes:

A) **"Tratado do mundo"**: ao ser condenado Galileo en Roma, decide non publicala (publicarase postumamente en 1677). A impresión que lle produciu a condena de Galileo móstrase nunha carta que lle escribe ao seu amigo Mersenne *"Sorprendeume de tal maneira que estiven a punto de queimar todos os meus papeis...confeso que se o movemento da Terra é falso, todos os fundamentos da miña filosofía o son tamén, xa que (o movemento da Terra) demóstrase a partires de eles"*. Aquí defendo o heliocentrismo. Sen embargo, non renuncia a dar a coñecer unha parte da súa física (dióptrica -refracción-, meteoros), pois a publicación do “Discurso do método” vai seguida desta parte da súa física.

B) En 1637 (con 41 anos) publica en Francia a súa obra fundamental coa cal se di que comeza a filosofía moderna: **"Discurso do método"** seguido da **"Dióptrica"**, **"Os meteoros"** e a **"Xeometría"**, que son ensaios deste método. Non hai que esquecer que Descartes foi un grande matemático: o fundador da xeometría analítica: eixos cartesianos.

C) En 1649 (con 53 anos) trasladouse a Suecia, invitado por la Raíña Cristina, onde morreu en 1650 de febre polo costume da raíña acudir á biblioteca ás cinco da mañá.

II.- OBRAS MÁIS IMPORTANTES:

a) **"Regras para a dirección do espírito"**, 1628 (época de París)

b) **"Discurso do método"**, 1637 é a obra fundamental (época de Holanda); **con ela comeza a filosofía moderna**, seguido da **"Dióptrica"**, **"Os meteoros"** e a **"Xeometría"**,

que son ensaios deste método. O título completo da obra era “Discurso do método para dirixir ben a razón e buscar a verdade nas ciencias”.

- c) **"Meditacións de Filosofía Primeira" ou "Meditacións metafísicas", 1641** outra das súas obras fundamentais na que aplica as regras do método á metafísica ou filosofía primeira.
- d) **"Principios de filosofía", 1644** en latín, traducida ao francés en 1647 con unha moi famosa carta-prólogo de Descartes na que expón o plan da obra: **árbore de Descartes**.

III.- INTRODUCCIÓN DOS COMENTARIOS: CARACTERÍSTICAS XERAIS DA FILOSOFÍA MODERNA: “XIRO SUBJECTIVISTA” (ver vídeo sentido da vista).

Os filósofos modernos dan **primacía á teoría do coñecemento (gnoseoloxía)**, fronte aos antigos e medievais que priorizan a ontoloxía.

A) A filosofía antiga e medieval (filosofía aristotélico-tomista) caracterízase por ser unha filosofía **“realista inxenua”**, porque o seu punto de **partida é o obxecto** (ontoloxía) e non dubidan da realidade do mundo. Por tanto, na filosofía realista **a concepción da realidade ou ontoloxía ten prioridade sobre a teoría do coñecemento ou gnoseoloxía: o obxecto ten prioridade sobre o suxeito**. Un filósofo realista coma Aristóteles ou Tomás nunca dubida de que a realidade existe (obxecto).

B) Subxectivismo ou idealismo moderno: Pola contra a **filosofía moderna** ten como característica básica o **“subxectivismo ou idealismo”**. Todos os filósofos modernos comezan **dubidando de que a realidade, o obxecto, exista** tal e como a percibe o suxeito. Para os modernos **o único do que podemos estar seguros é de que o suxeito ten “ideas” acerca do obxecto**, pero que esas “ideas” se correspondan verdadeiramente co obxecto é algo que haberá de ser demostrado. Por tanto, para os modernos, **a teoría do coñecemento (Gnoseoloxía) ten prioridade sobre a concepción da realidade (ontoloxía)**, é dicir, **o suxeito ten prioridade sobre o obxecto**. Este cambio que pasa a darlle maior importancia ao suxeito que ao obxecto **denomínase “xiro subxectivista”**. Isto implica que **o primeiro** do que debe tratar todo filósofo moderno será a **teoría do coñecemento**.

C) Dúas correntes dentro da filosofía moderna:

C1) Os **racionalistas modernos**: trátase de filósofos todos eles do continente europeo, por iso se lle chama tamén **“racionalismo continental moderno”**. Os máis importantes son o francés **Descartes** (que ademais é o fundador da filosofía moderna), o holandés **Espinosa**, e o alemán **Leibniz**.

C2) Os **empiristas modernos**: trátase de filósofos non continentais, pois **todos son do Reino Unido**, por iso se chama tamén **“empirismo inglés”**. Os máis importantes son o inglés **Locke**, o irlandés **Berkeley** e o escocés **David Hume**.

D) Diferencias entre racionalistas e empiristas: Tanto racionalistas como empiristas **comparten a primacía concedida á teoría do coñecemento debido ao xiro subxectivista**. Sen embargo, **non explican o coñecemento humano do mesmo xeito**, senón que a explicación

do coñecemento por parte dos racionalistas e dos empiristas **diferenciase en catro aspectos** relativos ao coñecemento humano: **orixe, límites, validez e método do coñecemento:**

D1) Os racionalistas consideran que:

- **A orixe do coñecemento** está nas **ideas innatas** da propia razón,

- **Coñecemento sen límites:** que o coñecemento humano non ten límites, é “**ilimitado**”: a razón cando utiliza o método é todopoderosa,

- **Coñecemento “válido”:** a razón pode acadar coñecemento sobre todo tipo de realidade, incluída a metafísica (Deus) e

- **Método “dedutivo”:** utilizan este método dos matemáticos: parte dos principios para deducir toda a realidade.

D2) Os empiristas postulan que:

- **A orixe do coñecemento** está na **experiencia** (sentidos),

- **Límites do coñecemento:** o coñecemento humano **ten “límites”**: só podemos coñecer aquilo do que teñamos **experiencia**, é por tanto Hume criticará a metafísica, da cal non temos experiencia

- **Coñecemento científico inválido:** non podemos acadar un coñecemento válido acerca da realidade: Hume dirá que a física non é ciencia porque critica o principio de causalidade

- **Método indutivo:** d) utiliza o **método indutivo**: parte da experiencia para acadar os principios.

En conclusión: os **racionalistas** confían nas **ideas innatas** da propia razón e desconfían da información que aportan os sentidos, de aí o seu nome. Cren que o coñecemento humano é **ilimitado, válido e utilizan o método dedutivo**. Isto vale para Descartes, pero tamén para Espinosa e Leibniz.

IV.- PRIMEIRA PARTE DO TÓPICO DE SELECTIVIDADE: O PROBLEMA DO MÉTODO

Antecedentes que inflúen en Cartesio:

A) Método matemático de Euclides: No renacemento publícase gracias á imprenta a obra do gran matemático grego Euclides; Euclides utilizaba nas matemáticas **o método dedutivo** que consistía en “deducir” de forma segura os teoremas matemáticos a partires de uns principios seguros chamados axiomas. **Descartes utilizará na súa filosofía o método dedutivo** partindo de principios seguros para “deducir” a partires deles todo o saber filosófico. Por tanto, **Descartes trata de atopar un “punto de apoio”, unha “base sólida”, firme para “deducir” todo o saber**, tal e coma dixera o gran científico grego Arquímedes: “Dádeme un punto de apoio e moverei o mundo”.

B) Método hipotético-dedutivo de Galileo MÉTODO CIENTÍFICO: O método de Galileo constaba de 3 pasos (resolución, composición e experimentación), foi chamado **método hipotético-dedutivo**; nel poden distinguirse dous aspectos **a) un aspecto “dedutivo”** caracterizado pola “dedución” “racional” igual que ocorre co método dos **matemáticos** e, polo tanto, inflúe na filosofía “racionalista” de Descartes que tamén utiliza o método “dedutivo” e **b) un aspecto empírico, que utiliza a experimentación**, pero este aspecto **inflúe na filosofía empirista moderna**.

C) Estoicismo na ética: os estoicos defendían unha ética puramente racionalista da cal eliminaban todas as paixóns, por iso a súa máxima ética era a “apatheia” (a-pathos=sin paixón). Descartes ao ser racionalista construíra unha “moral provisional” influenciada polo racionalismo estoico.

D) Escepticismo de Charrón e Montaigne, contemporáneos de Descartes, seguidores do escepticismo antigo de Pirrón; **Descartes criticará a “dúbida escéptica”** acerca de todos os coñecementos, mentres que **el utilizará a “dúbida metódica” para acadar unha verdade sólida**. Descartes non é escéptico, senón dogmático: a razón non ten límites.

E) Santo Agostiño: inflúe en Descartes a través do cardeal Bèrulle. Agostiño afirmara “**si fallor, sum**” (se me equivoco, existo), **Descartes afirmará “cogito ergo sum”** (penso logo existo). Agostiño parte de que a fe nos asegura da existencia de Deus, Descartes non utiliza a fe, senón a razón para demostrar a existencia de Deus.

Conclusión xeral dos antecedentes (filosofía e ciencia): **Descartes tratará de facer unha síntese entre a ciencia mecanicista e matemática**, por unha banda, e **a filosofía**, por outra. Trata de construír **unha nova filosofía que estea de acordo cos principios da nova ciencia**; unha filosofía científica, segura, certa, unha filosofía que sexa coma a ciencia matemática.


4.1.- PROXECTO CARTESIANO

Descartes, ao saír do colexio xesuíta de "La Flèche" expresa (no “Discurso do método”) a súa **decepción pola ensinanza da filosofía escolástica recibida**: a filosofía "disputa", mentres que a ciencia avanza con paso seguro. Sen embargo, tamén expresa a súa **admiración polas matemáticas** (pola súa certeza).

Descartes preguntárase **por que os filósofos non fan mais que disputar, sen avanzar no coñecemento, mentres que os científicos** (especialmente os matemáticos, xa que todos os científicos utilizan as matemáticas) **avanzan con paso firme**. ¿Será isto acaso porque a capacidade racional e maior nalgúns homes e menor noutros, maior nos científicos que nos filósofos? Descartes contesta que non; el cre que a capacidade racional é aproximadamente a mesma en todos os homes. Polo tanto, afirma Descartes que **“a razón é unha e a mesma para todos”**, ou como di el **“o bo sentido é a cousa mellor repartida do mundo”**. Así pois, o problema non consiste en que uns teñan mais capacidade racional que os outros, os científicos mais que os filósofos. **¿Por que, entón, uns avanzan** e outros pérdense en disputas?. Descartes opina que isto débese a que **a razón humana vese a miúdo “perturbada” por instancias allea**. **A razón humana vese de cote perturbada por paixóns, precipitación, prexuízos, educación etc.**; por iso a filosofía escolástica non avanza, pois a razón está perturbada por estas instancias externas que fan que se perda en “disputas” estériles.

Así pois Descartes cre que a razón por si mesma, **se conseguísemos que non se vexa perturbada por ningunha instancia allea, sería “infalible”, é dicir, nunca se equivocaría, nunca falla.** Isto é o que está pasando na ciencia e nas matemáticas. A conclusión que extrae Descartes deste razoamento é que debemos estudar como funciona a razón no caso das ciencias e as matemáticas, isto é, **ver cal é o “método” que utilizan os científicos e os matemáticos** para conseguir que a razón sexa infalible, non se equivoque. Isto é o que fai na súa obra “Discurso do método” e nas “Regras para a dirección do espírito”. Cal é entón o proxecto cartesiano?

PROXECTO CARTESIANO: na carta preliminar que Descartes escribiu ao tradutor francés da súa obra “**Principios de filosofía**”, expón Descartes que como **a razón é unha e a mesma**, anque se aplique a distintos saberes, polo tanto **o “método” dos distintos saberes debe ser tamén un e o mesmo** (nesto oponse a Aristóteles, que cría que como cada tipo de saber ten distinto obxecto, tamén cada ciencia ten un método distinto; así para Aristóteles o método da ética, por exemplo, non é o mesmo que o método da matemática). Por tanto, o **“proxecto cartesiano” consiste na “unificación de todo o saber”** (fronte a Aristóteles). Tamén nesta carta preliminar compara Descartes **todo o**



saber con unha árbore, na que as **raíces** serían a **metafísica**, o **tronco** sería a **física**, e as **ramas** serían as ciencias prácticas que son **medicina, mecánica** e finalmente a **moral**. Esta é a famosa “**árbore de Descartes**” (á que se alude na obra “**A árbore da ciencia**” de Pío Baroja). O saber forma pois unha unidade interdependente e o método de todas estas ciencias será o mesmo. Por conseguinte, como o método que utilizan todas as ciencias é o método matemático de Euclides, a “**dedución**”, do que se trata, segundo Descartes, é de **unificar todas as ciencias aplicándolles o método matemático**, é dicir, construír unha **“mathesis universalis”** (matemática universal) **aplicada a todo o** **árbore** de Descartes.

4.2.- O PROBLEMA DO MÉTODO

No texto 2, obra “**Discurso do método**”, Descartes ao principio do texto refírese a tres métodos que estudou cando era mais xove en La flêche:

1.- O método da “lóxica”: A lóxica (do español-catalán Ramón Llull) ten o defecto de que só sirve para explicar cousas que un xa sabe **sen ampliar os nosos coñecementos**.

2.- O método da “análise” dos xeómetras: Refírese a cousas moi abstractas e **require demasiada fatiga da imaxinación**.

3.- O método da álgebra: Ten tantas regras que se **volve confuso**.

Por iso Cartesio escribe a continuación:

“Foi isto causa de que eu pensara que precisaba buscar **outro método que, comprendendo as vantaxes destes tres, estivese exento dos seus defectos**”. Estes tres métodos son os da lóxica, os dos xeómetros e o da álgebra. O novo método debe eliminar os defectos deses outros tres: non amplía o coñecemento a lóxica, fatiga a imaxinación a xeometría e ten moitas regras confusas a álgebra. Por iso **o novo método debe ser “sinxelo” simple, con poucas regras**, porque cando temos moitas leis o método tórnase escuro.

Segundo Descartes as regras do método deben usar as “operacións” propias da estrutura interna da razón:

A) ESTRUCTURA INTERNA DA RAZÓN: Descartes considera que a estrutura interna da razón consta soamente de dúas **operacións**:

a) **A intuición**, que define como **"un concepto que forma a mente pura e atenta con tanta facilidade e distinción que non queda ningunha dúbida** sobre o que entendemos"; esta é a operación básica e mais importante da razón e consiste nun coñecemento “inmediato” da mente, unha especie de **"visión inmediata da intelixencia** (semellante á gnoesis de Platón).

b) **A dedución**, que define así: "por dedución entendemos **todo o que é consecuencia necesaria a partires de outras cousas coñecidas con certeza**"; por tanto, a dedución é unha **operación “derivada”** ou secundaria, pois para deducir temos que coñecer antes “outras cousas con certeza” mediante a intuición; é, pois, **un coñecemento “mediato” que encadea intuicións mediante as regras lóxicas** do pensamentos (algo semellante á razón discursiva ou dianoiá de Platón).

Como xa dixemos, Descartes entende a estrutura interna da razón seguindo o modelo da matemática e da ciencia. Agora xa sabemos cal é a **estrutura interna da razón: consta de dúas operacións: intuición e dedución**; pero aínda resta saber **¿como conseguimos que a razón funcione sempre correctamente segundo esta a súa estrutura interna** (intúa e deduz), **sen que se vexa perturbada por instancias alleas: paixóns, prexuízos, precipitación, educación etc.?** Para conseguir isto, é preciso establecer unhas **regras simples** que lle **permitan á razón humana non equivocarse** e tales “regras” constitúen o **“método de Descartes”** que aparece na súa obra “Discurso do método” (tamén nas “Regras para a dirección do espírito”).

B) AS REGLAS DO MÉTODO: na obra: **"Discurso del método"** Descartes di que as regras que temos que observar para conseguir que a razón non se equivoque (sexa infalible) son 4: as **dúas primeiras correspóndense con a operación da intuición e as dúas últimas correspóndense coa dedución**.

1.- A primeira regra do método é a regra da “evidencia”: funciona como **“criterio de certeza”**, é dicir, estamos **“certos” de algo cando o concibimos de maneira clara e distinta (evidente)**. Consiste en que toda idea que utilice a razón deberá **ser “evidente”**. Pero **¿como sabemos cando unha idea é “evidente”?** Segundo Descartes, cando esa idea posúe dúas características:

a) cando é unha idea **“clara”** (o contrario de “escura”)

b) cando é unha idea **“distinta”** (o contrario de “confusa”)

Por exemplo, podemos ter unha idea clara cando sabemos definir o que é un círculo, pero para que sexa unha idea “evidente” non abonda con que sexa clara, senón que tamén ten que ser “distinta”, é dicir, ademais de coñecer a definición de círculo, debemos saber “distinguir” o círculo de outras figuras como por exemplo a “circunferencia” (a circunferencia delimita un círculo).

Cando isto ocorre, entón a razón está utilizando a **operación da “intuición”**: **“un concepto que forma a mente pura e atenta con tanta facilidade e distinción que non queda ningunha dúbida sobre o que entendemos”**. Por exemplo, por intuición sabemos “directamente” como unha especie de “visión da mente”, que a liña recta é a distancia mais curta entre dous puntos, ou que o triángulo a figura xeométrica composta de tres ángulos.

2.- A segunda regra do método e a **“análise”**: a palabra **“análise”** provén do grego e significa **“descompoñer” unha idea complexa nas súas partes simples**. Ou como di Descartes, **descompoñer as “naturezas complexas en naturezas simples”**. Así, calquera problema co que se atope a razón sempre é algo “complexo”, e debe ser descomposto nas súas naturezas simples. ¿por que?, pois **para que a razón poda utilizar a operación da “intuición”**, xa que só o simple pode ser “intuído” directamente de maneira “evidente”, é dicir, de xeito claro e distinto, como afirmaba a primeira regra. **Logo tanto a primeira regra como a segunda utilizan a operación da “intuición”**. Nesta segunda regra obsérvase a **influencia do método hipotético-dedutivo de Galileo** (tamén chamado analítico-sintético) quen tamén “analizaba” os problemas ata descompoñelos nas súas partes simples. **Tamén se observa a influencia do método matemático de Euclides na súa obra “Elementos”**.

3.- A terceira regra do método é a **“síntese”**: esta é tamén unha palabra grega que significa **“compoñer” ou “unir”**. Segundo Descartes, esta regra consiste en **“conducir ordenadamente os meus pensamentos, empezando polos obxectos mais simples e mais fáciles de coñecer, para ir ascendendo pouco a pouco, gradualmente, ata o coñecemento dos mais compostos”**. Esta regra consiste en que a razón, despois de descompoñer os problemas en naturezas simples, agora “compoña” os pensamentos ou naturezas simples, **encadeando estes pensamentos segundo as regras da “dedución” lóxica** para construír así as naturezas compostas. O que ocorre é que as “naturezas compostas” **agora serán evidentes**, pois están compostas con naturezas simples previamente “intuídas” con evidencia (claridade e distinción). Esta regra está en relación coa segunda **operación da razón, a “dedución”** que definía Descartes como “todo o que é consecuencia necesaria a partires de outras cousas coñecidas con certeza”.

Nesta regra observamos tamén a **influencia do método hipotético-dedutivo de Galileo** (tamén chamado analítico-sintético), pois tamén Galileo despois de descompoñer por exemplo o movemento en naturezas simples (espacio, tempo, velocidade etc.) e establecer unha hipótese para explicar o movemento, “deduce” a partires desta hipótese determinadas fórmulas que podan ser comprobadas na experiencia. Tamén está presente a **influencia do método das matemáticas de Euclides**, que despois de establecer as definicións e axiomas ou primeiros principios, “deduce” a partires deles os “teoremas” da matemática, coma o teorema de Pitágoras.

4.- A cuarta regra do método é a “enumeración”: Descartes considera que para que a razón funcione correctamente e sen equivocarse aínda é necesaria unha cuarta regra que consiste en **“facen en todo uns recontos tan integrais e unhas revisións tan xerais, que chegase a estar seguro de non omitir nada”**. Isto significa que como resulta que a memoria humana é fráxil, e por tanto, **cando as cadeas dedutivas son moi longas** xa non nos acordamos de todo o proceso, é necesario **comprobar que non nos equivocamos en ningún paso da dedución**; isto é, temos que “enumerar” ou “revisar” coidadosamente todo o proceso para que non se introduza na dedución un paso erróneo.

C) CONCLUSIÓN DAS REGLAS DO MÉTODO

Este método, que xa funciona nas ciencias, **debe ser aplicado a “todo o saber”**, pois como el di “a razón é unha e a mesma” anque se aplique a distintos saberes. ¿Cal é o tipo de saber **por onde comezaremos** a aplicar este método? Segundo a **árbore de Descartes**, **deberemos empezar pola “filosofía” ou “metafísica”**, pois este é o saber máis importante de todos, é a **“raíz”** da árbore, na que se apoian todos os demais saberes (física, mecánica, medicina e moral). En consecuencia, Descartes dispónse a **construír unha “filosofía ou metafísica” segura, asentada sobre bases sólidas**, seguindo o método para que a razón non se equivoque e distinga a verdade da falsidade, é dicir, **construír de novo o “edificio da filosofía”** utilizando o método matemático; isto farao Descartes noutra das súas obras máis importantes: **“Meditacións metafísicas”** (segunda parte do tópico).

D) A MORAL PROVISIONAL

O filósofo francés considera que a ética ou moral é unha parte importantísima do saber (os froitos da árbore), pero que **non se pode alcanzar ata que sexa aplicado o método a todos os demais saberes**. Pero como este traballo leva moito tempo ¿como vai a comportarse (ética) mentres aínda non dispoña dunha moral definitiva?. Todo ser humano **necesita dispoñer de algunha regra moral para comportarse no día a día**. Por iso no **“Discurso do método”** Descartes cre que é necesaria una **“moral provisional”** ata que constrúa a **“moral definitiva”** (última rama da árbore). Anque Descartes tiña o “proxecto” de construír **unha moral definitiva** seguindo o método matemático, sen embargo **nunca chegou a construíla**, pero o seguinte racionalista, **Espinosa, si o fixo: “Ética more xeométrico”** (ética construída segundo o “modo” –more- dos xeómetras, ou matemáticos).

Regras da moral provisional:

Así, mentres tanto, Descartes formula unhas **“reglas provisionais de comportamento”** ata que chegue a construír unha ética definitiva. Estas regras da moral provisional son:

- 1.- Cautela e prudencia:** provisionalmente serei cauto e prudente e **obedecerei as leis, costumes, e relixión** do meu país e seguirei aquelas opinións comunmente aceptadas polos máis sensatos, isto é, as **opinións máis “moderadas”** evitando excesos.
- 2.- Evitar indecisións na actuación:** se estamos indecisos porque non sabemos como comportarnos moralmente, as nosas accións paralizaríanse e non fariamos nada; por iso Descartes resolve provisionalmente **seguir as normas mas “probables” considerándoas como se fosen “segurísismas”**.

3.- Eliminar as paixóns e guiarse só pola razón: Nesta regra vemos a influencia dos antigos estoicos que defendían apatheia= eliminar a influencia das paixóns ou desexos e guiarse só pola razón, por iso era unha ética absolutamente racionalista incluso máis cá de Platón e Aristóteles, quen consideraban que a felicidade consiste en que a razón “domine” (non elimine) as paixóns.

Para que a razón non se vexa perturbada polas paixóns (desexos), hai que considerar que os bens exteriores á razón non dependen de nós, senón da fortuna. Isto significa “aceptar estoicamente” o noso “destino”, que xa está “escrito” na razón, eliminando todo desexo ou paixón. Como di Descartes: **"vencerme a min mesmo antes que á fortuna e cambiar os meus desexos antes que a orde do mundo"**.

4.- Elección dunha profesión: o comportamento moral provisional esixe tamén que Descartes se decida por elixir unha determinada profesión; e na cuarta regra provisional elixe dedicarse ao **descubrimento da verdade**.

V.- SEGUNDA PARTE DO TÓPICO DE SELECTIVIDADE: EVIDENCIA DO COGITO ERGO SUM (PENSO, LOGO EXISTO)

Agora, nesta segunda parte do tópico tratase de aplicar as regras do método matemático á filosofía ou metafísica (**raíz da árbore**), e isto faino na obra **"Meditacións metafísicas"**.

a) **A dúbida é metódica non escéptica:** A primeira regra do método era soamente aceptar “ideas” que sexan evidentes. E ¿como podemos saber en filosofía cal é unha idea evidente?. Pois **comezaremos por “dubidar”** de todas as “ideas” que non sexan evidentes, **para ver se chegamos a algunha idea que non presente “dúbida”, que sexa “indubidable”, é dicir, que sexa evidente** (clara e distinta).

Os “escépticos”, en troques, utilizan a dúbida para quedarse nela, dubidando de todos os coñecementos sen acadar ningunha verdade. **O escéptico máis insigne da antigüidade foi Pirrón**, pero na época de Descartes había tamén escépticos contemporáneos coma **Montaigne e Charrón**. Pero **Descartes non é un escéptico** coma Charrón e Montaigne, **senón un “dogmático”,** pois cre que mediante a dúbida podemos acadar a verdade. **Se conseguimos chegar a esta base sólida** (semellante aos axiomas evidentes dos matemáticos) **podemos aplicar o método matemático á filosofía, é dicir, “deducir”** os coñecementos a partires dese principio firme ou axioma.

b) **Tres niveis de radicalización da dúbida metódica:** A palabra “radicalización” da dúbida fai referencia a que o primeiro nivel da dúbida é o menos profundo, o mais “superficial”, mentres que o último é o mais “profundo”, mais “radical”; pois a palabra radical procede da palabra “raíz” porque a función da raíz é “afondar” cada vez mais na terra.

b.1) Primeiro nivel da dúbida: Dúbida da información dos sentidos: Descartes advirte que **os sentidos transmítenos información empírica que ás veces non é verdadeira. Por exemplo,** “varias veces teño observado que unha torre que de lonxe me parecía redonda, de cerca víaa cadrada e que estatuas colosais levantadas no mai alto desas torres, parecíanme, vistas dende abaixo, pequenas figuras”. Descartes extrae a conclusión que **como os sentidos**

“**algunhas veces**” non enganar, logo a súa información non é fiable, non é evidente (clara e distinta), senón dubidosa. Este primeiro nivel da dúbida **significa unha dúbida de se os obxectos son tal e como os percibo**, é o nivel máis superficial da dúbida.

b.2) Segundo nivel da dúbida: imposibilidade de distinguir a vixilia do sono: Tamén percibo a través dos sentidos outras cousas que me parecen certas; “por exemplo, que estou aquí, sentado a carón do lume, vestido con unha bata, sostendo este papel entre as mans”. Pero Descartes continúa razoando dicindo que por ser home teño o costume de durmir e soñar, e que moitas veces teño soñado de noite que “estaba neste mesmo sitio, vestido, sentado a carón do lume, estando en realidade espido e metido na cama”. **Polo tanto, mentres estou soñando, paréceme que o que soño é real, que estou esperto, cando en realidade isto non é certo.** En consecuencia, non **podo estar absolutamente seguro** que cando me parece estar esperto (en vixilia), non estea soñando; é dicir, **non estou absolutamente seguro de distinguir a vixilia do sono** (Relación coa obra “A vida é sono”, como titula Calderón de la Barca a súa obra na mesma época de Descartes). Este segundo nivel **significa un paso máis radical da dúbida**, pois agora non se trata de dubidar de se os obxectos do mundo “son tal e como os percibo, senón que **se dubida de que todos os obxectos existan**, é dicir, **de que exista o mundo**. Esta dúbida **implica dubidar tamén das “ciencias empíricas”** como a física, astronomía e a medicina, pois todas elas apóianse na información de obxectos do mundo a través dos sentidos. En cambio, **non afecta ás ciencias non empíricas coma a aritmética e a xeometría (matemáticas)**, pois, como di Descartes, estea durmindo ou este esperto é indubidable que “**sempre tres e dous suman cinco e o cadrado non terá máis de catro lados**” e, polo tanto, quedan a salvo incluso anque a vida fose un sono.

b.3) Terceiro nivel da dúbida ou “dúbida hiperbólica”: A hipótese do xenio maligno: Agora, no terceiro nivel, Descartes propónse “**esaxerar**” (hipérbole) **todo o que poida a dúbida**, é dicir, converter a dúbida en **hiperbólica**. Esaxeremos pois todo o que poidamos e **dubidemos incluso** do que parece máis evidente de todo: **as matemáticas**. Esta dúbida hiperbólica consiste en **supoñer que existira un “xenio maligno” que se dedicara a enganarnos sempre que facemos operacións matemáticas, por exemplo**, que nos engane cando sumando $3+2$ estamos convencidos de que son 5 cando en realidade isto non sería certo, ou que nos engane cando crendo que o cadrado é un polígono que consta de catro lados, tampouco sería certo. Polo tanto Descartes supón que este ser fose un “**xenio maligno**” **que ten como única finalidade enganarnos** acerca de asuntos matemáticos. Este terceiro nivel é **dúbida máis radical posible (hiperbólica)**, pois **supón dubidar do propio “criterio de certeza”** que era a primeira regra do método: **incluso as ideas máis evidentes** (máis claras e distintas) que son **as ideas matemáticas**, se poñen agora en dúbida; isto é unha esaxeración que propiamente Descartes non cre que as matemáticas fallen, pero supón isto para ver se **despois de semellante esaxeración quedaría aínda algunha idea “indubidable”**.

Chegados a este punto **¿queda algo que sexa imposible de dubidar?**. Así chega á súa primeira verdade.

C) Primeira verdade indubidable: o “cogito ergo sum” (penso, logo existo). Mentres dubido, que é un modo de “pensar”, “existir”, así que para poder estar pensando e dubidando de todo coñecemento teño que existir. Por tanto que **“penso, logo existo” (cogito ergo sum)**, **isto non é posible dubidalo de ningún xeito, aínda que mo propoña esaxerando ao**

máximo. En Descartes hai a **influencia Santo Agostiño** a través do cardeal Bèrulle, quen xa afirmara “**se me equivoco, existo**” (si fallor, sum”).

Problema do solipsismo do eu: Temos o pensamento (o eu) coas súas ideas, isto é evidente. Pero non é evidente que a realidade se “corresponda” coas ideas. O pensamento (cogito) está só consigo mesmo, encerrado en si mesmo (problema do **solipsismo do eu**). ¿Como podemos saber se existe a realidade?

D) SALTO Á REALIDADE (saída do solipsismo). A única maneira de **poder “deducir” a existencia da realidade exterior** hai que analizar o tipos do ideas do cogito

Tipos de ideas: As ideas que pensa o eu son de tres tipos:

D1) Ideas adventicias: As que “**parecen**” **provir do exterior a través dos sentidos**, por iso as denomina “adventicias”, pois en latín “**advenio**” chegadas ao cogito. Pero o único seguro que de momento temos e que existe o eu ou pensamento e as súas ideas, pero **non é seguro que existan os obxectos externos** (o mundo), por iso Descartes non pode dicir que este tipo de ideas proveñan do exterior, senón só que estas ideas “parecen” provir do exterior, pois que exista o mundo exterior aínda non demostrado. Como o mundo exterior aínda non está demostrado que exista, **logo as ideas adventicias non son fiables, certas, senón dubidosas.**

D2) Ideas facticias: nome que provén do latín “**facio**” (facer); estas ideas son **feitas ou construídas pola nosa imaxinación combinando ideas adventicias.** Por exemplo, mediante a idea adventicia das ás dun paxaro e a idea tamén adventicia de cabalo, a nosa imaxinación constrúe a idea facticia de “**pegaso ou cabalo con ás**”. Pero como as ideas facticias son construídas pola nosa imaxinación utilizando ideas adventicias, as cales, como dixemos, non son fiables, pois non está demostrado que exista o exterior, resulta que as ideas facticias construídas sobre as adventicias **tampouco son fiables, certas, senón dubidosas.**

D3) Ideas innatas: Na nosa mente hai outro tipo de ideas que non proveñen do exterior (adventicias) nin tampouco son construídas pola imaxinación a base das primeiras (facticias). Isto é o que ocorre coas **ideas de infinito e perfección**; pois, estas **non poden provir do mundo exterior**, xa que os nosos sentidos non captan nada exterior que sexa infinito nin perfecto. **Tampouco poden proceder da nosa alma**, pois ela non é infinita nin perfecta. Polo tanto, estas ideas só poden ser “innatas”, están na nosa mente dende o nacemento. E que ser as puido poñer aí? Tal ser ten que ser el mesmo infinito e perfecto, e un ser tal **só pode ser Deus.**

E) Demostracións da existencia de Deus:


E1) Primeira proba da existencia de Deus (dende as ideas innatas de infinito e perfección ata a causa: Deus). Esta proba **parte do feito empírico (experiencia interna) de que nós somos un ser finito e imperfecto.** Por tanto, a **causa destas ideas innatas só pode ser un ser infinito e perfecto: Deus.**

E2) A segunda proba da existencia de Deus (existencia do cogito: causa sui: Deus): Descartes pregúntase **¿cal é a causa de onde provén a existencia** da res cogitans? e razo **non pode ser eu mesmo**, pois se o fose daríame a min mesmo unha existencia perfecta e eu mesmo sería Deus. Segundo esta demostración, **a causa da miña existencia non pode ser eu mesmo**, nin **tampouco** un ser inferior a Deus. Por tanto resulta que ten que haber un ser que sexa "**causa sui**" (causa de si mesmo), e **este ser é Deus**.

E3) A terceira demostración da existencia de Deus: (o “argumento ontolóxico” de Santo Anselmo de Canterbury). Descartes utiliza tamén o argumento “a priori” que era o “argumento ontolóxico” de Santo Anselmo de Canterbury; só que **en lugar de utilizar a idea** do “**ser maior que o cal**” nada se pode pensar, utiliza a idea do ser “**mais perfecto**” que o cal nada se pode pensar, logo como este ser posúe todas as perfección, a súa esencia tamén posuirá a existencia.

CONCLUSIÓN:

Descartes demostrou a **existencia de tres substancias**: a **substancia pensante (cogito ergo sum)**, a **substancia infinita (Deus)** e a **substancia extensa (Mundo)**. Cada unha destas tres substancias **ten o seu “atributo”** (característica que a define) e tamén “**modo**” (maneiras de expresarse).



Descartes define a “**substancia**” como “**aquilo que non necesita de outra para existir**”. **Propiamente só a substancia infinita (Deus)** se suxeita a esta definición, pero deixando a Deus aparte, **tamén a substancia pensante e a substancia extensa so “independentes”**.

Logo resulta que alma e corpo son substancias “independentes” unha da outra, isto é, Descartes maten unha **separación radical no ser humano** entre alma e corpo: un “**dualismo antropolóxico**” absolutamente radical, **aínda mais radical que en Platón**.

VI.- O PROBLEMA DO DUALISMO ANTROPOLÓXICO

¿Por que o dualismo antropolóxico é un “problema”? O **problema** que se suscita é que **no home convive a liberdade (alma) e o determinismo (corpo): ¿como se relacionan dúas substancias tan heteroxéneas**: a liberdade (alma) co determinismo mecánico (corpo)?.

Solución incoherente de Descartes: glándula pineal: Segundo Descartes, a alma conéctase co corpo a través da “**glándula pineal**”; unha glándula situada na parte inferior do cerebro que cando a mente lle da unha orde, esta **segrega unha especie de xermes vivos, os “*espiritus animaux*” que conducen a orde da mente a través duns condutos** ata que producen o movemento no corpo, por exemplo, o movemento do brazo. Pero esta explicación de Descartes **non convenceu a ninguén, pois é contraditoria coa súa definición de substancia**.

VII.- CONCLUSIÓNS PARA OS COMENTARIOS:

O problema alma-corpo non se limita a Descartes: é un dos **grandes problemas durante toda a historia da filosofía. Durante toda a historia houbo moitas posturas que tratan de explicar a relación alma-corpo**. As principais posturas son:

- a) **monismos** (existe unha soa de ambas sustancias)
- b) **dualismos** (existen dúas sustancias heteroxéneas)
- c) **unitarismos** (ambas forman unha única sustancia: unión natural)

Historia do problema:

I.- Filosofía Grega:

- **Platón:** dualista (“unión accidental”, pois o lugar natural da alma é separada do corpo no mundo das ideas, cae no corpo coma na súa cárcere: debe liberarse da materia: concepción pexorativa do corpo).
- **Aristóteles:** unitarismo (“unión substancial” da alma co corpo: aplica a teoría hilemórfica ao home: a alma é a forma unida inseparablemente ao corpo ou materia. Concepción positiva do corpo).

II.- Filosofía Medieval:

- Liña platónico-agostiñana: dualismo
- Liña aristotélico-tomista: unitarismo (anque a alma individual é inmortal para Tomé, mentres para Aristóteles só o entendemento axente).

III.- Filosofía moderna:

A) Racionalistas

- **Descartes:** Dualismo radical. Solución incoherente: glándula pineal (á vez pensante e extensa: contraditorio coa súa definición de sustancia). Suscita el problema
- **Malebranche:** nega que haxa relación real entre a alma e o corpo. Defende a teoría do “**ocasionalismo**” para solucionar o problema de Descartes: con ocasión dos movementos da alma (pensamentos), Deus intervén producindo un movemento no corpo, ou viceversa.
- **Spinoza:** considera o pensamento e a extensión (alma-corpo), non como sustancias independentes coma Descartes, senón como atributos de unha única sustancia: Deus. Logo deixa de existir o problema da relación alma corpo. Pero para Espinoza Deus=natureza, por iso defende o panteísmo: toda a natureza é Deus.

- **Leibniz:** nega tamén que haxa relación real entre alma e corpo. Para explicar por qué cando a alma pensa facer un movemento e o corpo responde, defende a teoría da “harmonía preestablecida”: alma e corpo son como dous reloxos previamente sincronizados por Deus.

B) Empiristas

- **Locke:** A idea de sustancia é confusa. O problema da relación alma-corpo é unha idea confusa da nosa linguaxe.
- **Berkeley:** defende o monismo espiritualista: todo é espírito (alma).
- **Hume:** Critica radicalmente a idea de sustancia e causa. Non existe nin a alma nin o corpo como sustancias. Logo, non podemos saber nada da relación alma-corpo.

IV.- Filosofía Ilustrada

-**Materialistas ilustrados (La Mettrie, Holbach):** monismo materialista: todo é materia.

-**Kant:** nesta vida a alma e o corpo do home están unidos para poder coñecer mediante a experiencia. A liberdade da alma (esfera do noumeno) é compatible co determinismo (esfera do fenómeno). Existe unha relación íntima alma-corpo (unitarismo)

V.- Filosofía contemporánea

-**Ryle:** é un filósofo da linguaxe. Segundo Ryle o "dualismo antropológico" de Descartes non é un problema, senón só unha confusión de distintos niveis na terminoloxía lingüística.

TEXTOS DE SELECTIVIDADE: DESCARTES

Texto 1 Discurso do método, Parte II

Foi isto causa de que eu pensara que se precisaba buscar outro método que, comprendendo as vantaxes destes tres, estivese exento dos seus defectos. E, como a abundancia de leis fornece decote escusas para os vicios, de xeito que un Estado está tanto mellor regulamentado canto, non tendo senón moi poucas leis, estas son moi estreitamente observadas; así, en lugar dese gran número de preceptos dos que está composta a lóxica, crin que, sempre que tomase unha firme e constante resolución de non deixar de observalos nin unha soa vez, abundaría cos catro seguintes. Consistía o primeiro en non aceptar xamais ningunha cousa como verdadeira que non coñecese evidentemente ser tal; é dicir, evitar coidadosamente a precipitación e a prevención; e non aceptar nada nos meus xuízos senón aquilo que se presentase tan claramente e tan distintamente ó meu espírito que non tivese ocasión ningunha de poñelo en dúbida. O segundo, dividir cada unha das dificultades que examinase en tantas partes como fose posible e requirible para mellor resolvelas. O terceiro, conducir por orde os meus pensamentos, comenzando polos obxectos máis simples e máis doados de coñecer, para subir pouco a pouco, como por graos, ata o coñecemento dos máis compostos; e supoñendo mesmo unha orde entre aqueles que non se preceden naturalmente os uns os outros. E o derradeiro, facer en todo enumeracións tan completas, e revisións tan xerais, que estivese seguro de non omitir nada. Esas longas cadeas de razóns, todas simples e fáciles, das que os xeómetras teñen costume de se serviren para chegar ás súas máis difíciles demostracións, déronme ocasión de imaxinar que tódalas cousas que poden caer baixo o coñecemento dos homes sucédense as unhas ás outras da mesma maneira, e que, soamente con absterse de aceptar como verdadeira ningunha que non o sexa, e gardar sempre a orde precisa para deduci-las unhas das outras, non pode haber entre elas ningunha tan afastada á que finalmente non se chegue, nin tan agachada que non se descubra. E non me foi difícil buscar por cales era necesario comezar, pois sabía xa que era polas máis simples e as máis doadas de coñecer; e, considerando que entre cantos teñen con anterioridade procurado a verdade nas ciencias, só os matemáticos puideron atopar algunhas demostracións, é dicir, algunhas razóns certas e evidentes, non dubidaba que debería comezar polas mesmas que eles tiñan examinado (...). R. DESCARTES;

Texto 2 Meditacións metafísicas, Meditación Segunda

Xa que logo, supoño que todas as cousas que vexo son falsas: convénzome de que nada foi de todo como a miña memoria chea de mentiras me representa; penso que non teño sentidos; creo que o corpo, a figura, a extensión, o movemento e o lugar só son ficcións do meu espírito. Que poderá, logo, ser considerado verdadeiro? Se cadra, só unha cousa, que non hai nada certo no mundo. Mais, que sei respecto de se hai algunha outra cousa diferente destas que veño de xulgar incertas, algunha acerca da cal non poida ter a menor dúbida? Non hai ningún Deus, ou calquera outra potencia que me poña no espírito eses pensamentos? Isto non é necesario, pois quizais poida eu ser quen de producilos por min mesmo. Logo eu, cando menos, non son algunha cousa? Pero neguei xa que tivese sentidos nin ningún corpo. Dubido con todo, pois que se segue diso? Serei tan dependente do corpo e dos sentidos que non poida ser sen eles? Pero convencinme de que non había absolutamente nada no mundo, que non había ningún ceo, ningunha terra, ningún espírito, ningún corpo; non me convencín logo de que tampouco eu non era nada? Non, certamente, eu sen dúbida era algo se me convencera ou simplemente se pensara algunha cousa. Pero hai un non sei que enganoso, moi poderoso e moi trampulleiro, que emprega toda a súa industria en enganarme sempre. Non hai logo dúbida de que eu son, se el me engana; e engáneme tanto como queira que non poderá endexamais facer que eu non sexa nada, senón que tanto máis pensarei ser algunha cousa. De xeito que, despois de telo ben pensado, e de ter coidadosamente examinado todas as cousas, cómpre concluír, en fin, que esta proposición: “Eu son, eu existo”, é necesariamente verdadeira, cantas veces eu a pronuncie ou a conciba no meu espírito. 28 R. DESCARTES; Meditacións Metafísicas (1641), Meditación 2a (Da natureza do espírito humano, e de que é máis doado de coñecer que o corpo) Trad. de Miguel Vázquez Freire, I.E.S. Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)

Texto 3 Discurso do Método, Parte IV

De seguido, reflexionando sobre o feito de eu dubidar e que, en consecuencia, o meu ser non era completamente perfecto, pois vía claramente que era unha maior perfección coñecer que dubidar, ocorréuseme pensar de onde aprendera eu a pensar nalgunha cousa máis perfecta do que eu era; e coñecín evidentemente que debía ser dalgunha natureza que fose en efecto máis perfecta. Polo que fai aos pensamentos que tiña de moitas outras cousas fóra de min, como o ceo, a terra, a luz, a calor e mil outras, non estaba preocupado por saber de onde veñen, a causa de que, non observando nada neles que semellase facelos superiores a min, podía eu crer que, se eles eran verdadeiros, o eran por unhas dependencias da miña natureza, en tanto que ela tiña algunha perfección; e se non o eran, tíñaos da nada, é dicir, eles estaban en min por algo que eu tiña de imperfecto. Pero non podía ocorrer o mesmo coa idea dun ser máis perfecto có meu; pois era cousa manifestamente imposible tela da nada; e como non hai menos repugnancia en que o máis perfecto sexa unha consecuencia e unha dependencia do menos perfecto, do que a hai de que da nada proceda algo, non a podía ter tampouco de min mesmo. De xeito que só quedaba que ela fose posta en min por unha natureza que fose verdadeiramente máis perfecta do que eu era, e mesmo que tivese en si todas as perfeccións das que eu puidese ter algunha idea, é dicir, para explicalo nunha palabra, que fose Deus. Ao que engadín que, xa que coñecía algunhas perfeccións que eu non tiña, non era o único ser que existía (usarei aquí libremente, se se me permite, as palabras da Escola), senón que

necesariamente era preciso que houbese algún outro máis perfecto, do cal eu dependese, e do que adquirise todo canto eu tiña. Pois se eu fose só e independente de calquera outro, de xeito que tivese por min mesmo o pouco que participaba do Ser perfecto; pola mesma razón podería ter por min mesmo todo o restante que sabía que me faltaba, e ser así eu mesmo infinito, eterno, inmutable, omnisciente, omnipotente e, en fin, ter todas as perfeccións que podía observar que están en Deus. R. DESCARTES; Discurso do Método, Parte IV. Trad. de Miguel Vázquez Freire, I.E.S. Eduardo Pondal (Santiago de Compostela)